

MOCIÓN DE SOMOS CAMBADOS PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A TRATAR DE EVITAR O PECHÉ DA RESIDENCIA VALLE INCLÁN E A NEGOCIAR COA EMPRESA, TRABALLADORES E USUARIOS AS SOLUCIÓNS POSIBLES

Constantino Cordal Rodríguez, portavoz de Somos Cambados e concelleiro da Corporación Municipal de Cambados, ao abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ao Pleno Municipal para o seu debate e aprobación o seguinte Acordo:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A notificación do peche inminente da Residencia Valle Inclán, en Vilanova de Arousa, supón unha enorme preocupación tanto para traballadores e traballadoras do centro como para residentes e familiares. As persoas afectadas véñense desamparadas ante a Administración autonómica galega logo da nula capacidade amosada por esta para solucionar esta problemática.

Por unha banda, o peche da Residencia Valle Inclán deixaría nunha situación moi difícil aos traballadores e traballadoras, un feito que a Xunta de Galicia debe tomar en consideración.

Por outra, existe unha grande preocupación nos actuais residentes e nas súas familias sobre o que vai pasar con eles nun futuro próximo. A Xunta de Galicia só lles enviou unha carta notificándolles o inminente peche do centro, engadindo números de teléfono doutras residencias. O problema reside en que en toda a provincia de Pontevedra apenas quedan prazas libres, coa excepción dunha residencia en Vigo que ten un custo de máis de 2500 euros ao mes, xa que logo, non asumible para a práctica totalidade de residentes e as súas familias.

A única alternativa viable a día de hoxe, onde quedan prazas libres, está no Barco de Valdeorras. Pero, obviamente, desprazar a moitos veciños e veciñas da comarca do Salnés (tamén de Cambados), usuarios e usuarias da Residencia Valle Inclán, a unha localidade que está a 240 km implica separar demasiado ás familias dos seus seres queridos.

Por todo o anteriormente exposto, sométese a consideración do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1. Instar á Xunta de Galicia a tratar de evitar o peche da Residencia Valle Inclán.
2. Instar á Xunta de Galicia a negociar coa empresa e cos traballadores e traballadoras da residencia posibles solucións.
3. Instar á Xunta de Galicia a negociar coas persoas residentes e os seus familiares posibles solucións.
4. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia.

Constantino Cordal Rodríguez.

Portavoz de Somos Cambados e Concelleiro de Servizos Sociais do Concello de Cambados.

Cambados, 12 de decembro de 2018.